



MEMORIA EXPLICATIVA DA REGULACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS PARA A XESTIÓN UNIVERSITARIA (CIXUG) PARA A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DE BASE TECNOLÓXICA NO ÁMBITO UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O ANO 2022.

De acordo co disposto no Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia; e no Decreto 215/2020, do 3 de decembro (modificado polo decreto 111/2021, do 22 de xullo), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego.

No ámbito das políticas activas de emprego, o Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego no seu artigo 36 recolle a posibilidade de xestionar as accións e medidas de políticas activas de emprego, entre outras opcións, mediante a subscripción de convenios ou calquera outra forma xurídica axustada a dereito.

O Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria-CIXUG, en consonancia coas metas que lle foron conferidas polas universidades integrantes, está a asumir as accións formativas e procedimentais específicas das tres universidades, entre outras, no ámbito das políticas en materia do apoio ao emprego e a dinamización laboral, creando de xeito coordinado procedementos, aplicacións e servizos cara a xestionar de forma coordinada as súas políticas de inserción laboral en xeral e, en particular, a formación do persoal técnico que actualmente está a desenvolver as actuacións en materia de orientación laboral, contando para isto co equipamento e co equipo educativo necesario.

Acredítanse razóns de interese público, social e económico para a subscripción dun Convenio específico de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG), para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas empresariais de base tecnolóxica no ámbito universitario de Galicia toda vez que o CIXUG, como entidade sen ánimo de lucro e personalidade xurídica propia que está participado polas tres universidades galegas, constitúese como axente necesario e imprescindible para desenvolver dito plan.

En coherencia con todo o exposto e para facelo posible, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade incluíu no Plan Anual de Política de Emprego (PAPE) para o ano 2022, dentro do EIXO 1 ORIENTACIÓN, un Programa Propio denominado "PP00337 PROTOCOLO COAS UNIVERSIDADES GALEGAS PARA FOMENTO DO EMPREGO, MELLORA DA ORIENTACIÓN E EMPRENDEMENTO".

Tratase dun convenio específico que regula a subvención nominativa cuxo obxecto é a colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (CIXUG) para a posta en marcha dun plan de fomento do emprendemento a través de iniciativas





empresariais de base tecnolóxica no ámbito universitario de Galicia para o ano 2022. De conformidade co establecido nos artigos 19.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36 a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007; trátase dunha subvención de concesión directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

A Lei 17/2021, do 27 de decembro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022 na Sección 11, Servizo 04, Programa de gasto 322C *Promoción do emprego, do emprego autónomo e do mercado de traballo inclusivo*; Concepto 444 *A universidades públicas da Comunidade Autónoma de Galicia*; Subconcepto 444.0 *Convenio co CIXUG para o impulso das novas IEBTs*; código de Proxecto 2015 00552, denominado *Convenio Universidade impulso IEBTs*, establece o importe da subvención nominativa ao CIXUG nunha contía de 75.000 euros

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A secretaria xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social

Covadonga Toca Carús

